

# **PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL**

**EEI AS DUNAS  
CURSO 2020-2021**

EEI AS DUNAS

R/ Gondomar, n.º 9  
36340 Panxón, Nigrán (Pontevedra)  
Tlf: 986 380 120 / 665 832 640  
eei.dunas.panxon@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/eeidunaspanxon/>

## ÍNDICE

|  |    |
|--|----|
| 1. INTRODUCCIÓN.....   | 3  |
| 2. OBTIVOS PARA O CURSO ACADÉMICO.....   | 4  |
| 3. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN.....                                 | 8  |
| 4. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....                                 | 11 |
| 5. AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO.....   | 12 |
| 6. PERÍODO DE ADAPTACIÓN DO ALUMNADO QUE SE INCORPORA POR PRIMEIRA VEZ Á ESCOLA..... | 14 |
| 7. PLAN DE TRANSICIÓN A PRIMARIA.....  | 15 |
| 8. PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO.....   | 16 |
| 9. PLAN DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.....   | 17 |
| 10. PROXECTO LECTOR E DE USO DA BIBLIOTECA.....                                      | 23 |
| 11. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS T.I.C.....   | 26 |
| 12. PLURILINGÜISMO.....  | 27 |
| 13. AVALIACIÓN.....  | 30 |
| 14. CONCLUSIÓNS.....   | 32 |

## **1. INTRODUCCIÓN**

A Programación Xeral Anual é o documento no que se presenta o proxecto de actuación da comunidade educativa da EEI As Dunas. Nel establécese a súa organización e fixéanse obxectivos a acadar en cada curso académico.

Esta programación é un proxecto e, como tal, vén sendo unha relación de obxectivos, intencións e compromisos, froito da reflexión e a análise, que se fai a partir dos recursos dispoñibles (humanos e materiais) e coa pretensión final de conseguir o maior éxito escolar posible do alumnado do centro.

Este documento vai supor un compromiso de eficacia para todos os que directa ou indirectamente, temos compromisos de actuación e responsabilidade no funcionamento do centro, máis aínda na situación actual de incidencia da COVID-19.

Recordamos que o centro adscrito é o CPI Arquitecto Palacios, co que compartimos o transporte escolar e maila ANPA. Ademais desprazámonos a diario en autobús ao comedor, sito no CEE de Panxón.

Marco legal:

- D. 374/1996 do 17 de Outubro, que establece o Regulamento Orgánico das escolas de infantil e os centros de primaria. (Artigos 86, 87 e 88).
- Orde do 22 de xullo de 1997, que desenvolve o decreto anterior.

## **O ESPAZO**

A EEI As Dunas, é un único edificio composto por 3 aulas, cun baño cada unha, una zona de almacén, unha zona común-distribuídor que forma a biblioteca e o despacho de dirección.

Hai unha zona exterior dianteira e outra traseira na que se sitúa a horta ecolóxica escolar.

## **OFERTA EDUCATIVA**

A matrícula para este curso queda distribuída do seguinte xeito:

- 4º EI: 19 alumnos e alumnas
- 5º EI: 21 alumnos e alumnas

- 6º EI: 12 alumnas e alumnos

## **PROGRAMAS EDUCATIVOS NOS QUE ESTÁ INMERSA A ESCOLA**

- Plan de mellora de bibliotecas escolares
- Plurinfantil
- Fomento do uso do Galego
- PFPP
- Webs dinámicas

## **2. OBXECTIVOS PARA O CURSO ACADÉMICO**

Os obxectivos para o presente curso veñen profundamente marcados pola incidencia da COVID-19 e as indicacións ao respecto da Consellería de Educación. Manteranse todos aqueles obxectivos acadados en cursos anteriores que sexan posibles e non contrarios ás novas indicacións do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 e sumaranse outros obxectivos relativos a diferentes ámbitos: en canto á ideoloxía e á metodoloxía do centro, en canto ao centro en sí, ás familias, ao profesorado e ao alumnado.

Unha vez feita a valoración e a análise do curso pasado, e que quedou reflectida na Memoria do curso 2019-2020, os obxectivos fixados para este curso que comeza son os seguintes:

### **EN CANTO Á IDEOLOXÍA E Á METODOLOXÍA DO CENTRO:**

- Continuar respectando e valorando a infancia, as súas etapas evolutivas e as súas necesidades e emocións.
- Continuar sendo unha escola inclusiva, valorando e aceptando a diversidade e funcionando como compensadora de desigualdades sociais.
- Coidar de xeito especial do alumnado que se atope en situación de risco social.
- Implicar a toda a comunidade educativa, en especial á familia, nos procesos educativos e na vida diaria da escola.
- Explotar os recursos da contorna e potenciar os valores culturais da vila.

- Desenvolver hábitos que respecten a contorna, estimulando a coeducación, os hábitos saudables, fomentando unha convivencia respectuosa e pacífica.
- escoitar as propostas da Comunidade Educativa para mellorar como docentes e como centro educativo.
- Estreitar vínculos cos centros próximos, especialmente co noso centro adscrito, CPI Antonio Palacios, o CEE de Panxón e a escola infantil pública de Nigrán (Galiña Azul).
- Continuar, se é posible, coa Escola de Familias.
- Potenciar o contacto coa natureza, o respecto ao mundo natural e desfrutar de actividades no exterior.
- Aplicar a disciplina positiva.
- Fomentar o uso do galego no centro e a súa posta en valor.
- Desenvolver o Plurilingüismo en lingua inglesa.
- Potenciar un ensino que fomente unha educación baseada nos valores de responsabilidade, respecto aos demais, tolerancia, igualdade entrambos os sexos, non discriminación, non violencia e resolución pacífica dos conflitos....

#### **EN CANTO AO CENTRO:**

- Velar pola mellora do estado do edificio da escola solicitando o cambio da cuberta e das ventás.
- Coidar das avarías e pequenas melloras da escola comunicando ao concello as mesmas o antes posible.
- Velar pola imaxe das aulas e repoñer os mobles ou xoguetes que presenten mal estado.
- Actualizar o mobiliario da escola e mellorar as súas dotacións de material.
- Coidar a artística, a estética e a beleza dos espazos.
- Continuar coa adecuación do espazo adicado á biblioteca, para acadar un mellor aproveitamento da mesma, e mellorar a súa dinamización.
- Seguir optimizando a páxina web como medio de difusión das actividades realizadas na escola.
- Publicar na web os documentos oficiais da escola e o protocolo de adaptación á COVID.

- Acondicionar o centro ao contexto COVID:
  - Constituír o equipo COVID para o desenvolvemento dun plan de adaptación á situación do centro con membros coñecedores do centro e con experiencia en xestión.
  - Establecer sinais no centro que regulen o fluxo de persoas, cartelería, medidas de protección, etc.
  - Acondicionar os espazos á realidade do centro e ás necesidades do alumnado debido á incidencia COVID.
  - Dotar de kits de hixienización os espazos do centro e ao persoal do mesmo.
  - Dotar de puntos de hixienización as entradas e saídas.
  - Solicitar os recursos necesarios ás distintas administracións.

### **EN CANTO ÁS FAMILIAS:**

- Dar a coñecer ás familias as liñas xerais de funcionamento do centro e os obxectivos do curso.
- Facer partícipe ás familias da vida xeral da escola.
- Xerar un clima agradable de colaboración entre a escola e as familias.
- escoitar as súas propostas.
- Establecer dun xeito claro as vías de comunicación entre a escola e as familias.
- Informar ás familias do plan de adaptación á situación COVID, así como do plan de continxencia e o programa de acollida, establecendo claramente cales serán as vías de actuación do centro ante un posible confinamento, cales serán as canles de comunicación, a metodoloxía a seguir, os criterios de avaliación e demais.

### **EN CANTO AO PROFESORADO:**

- Seguir formándonos todo o claustro, continuar co traballo en equipo e continuar co PFPP, que este curso irá na liña de formarnos no uso de ferramentas tecnolóxicas así como no aproveitamento didáctico de ferramentas institucionais para o ensino mixto.

- Comezar a utilizar a aula virtual como un recurso máis, tendo en conta ademais a posibilidade de que houbera que empregala no caso de ter que volver ao ensino non presencial.
- Establecer un plan de comunicación coas familias que recolla diferentes aspectos tales como: a comunicación por abalar, por correo electrónico, a difusión de actividades na páxina web, a aula virtual; así como tamén establecer o plan de comunicación co profesorado que recolla a seu compromiso de comprobar e empregar o correo corporativo da Xunta de Galicia, a posibilidade de recibir notificacións do centro por medio do abalar, e de facer videoconferencias por medio de webex ou da plataforma que se nos indique dende a consellería.
- Continuar coa actualización do PEC e revisar as NOF.
- Buscar o apoio do equipo de orientación e se fose necesario, do equipo de orientación específico para a detección e axuda do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Aplicar a adaptación do protocolo de actuación coas medidas previstas para facer fronte á situación derivada da COVID-19.

### **EN CANTO AO ALUMNADO:**

- Sementar na infancia o amor pola lectura.
- Ofrecer ao alumnado un espazo seguro e coidado onde vivir experiencias sensoriais e experimentais e desenvolver así as aprendizaxes de xeito lúdico e motivador.
- Traballar as competencias básicas incluídas na LOE co fin de acadar unha educación de calidade para todos e todas.
- Abordar de xeito diferenciado e sistemático cada unha das liñas de intervención específicas referidas ao alumnado con NEE.
- Atender ás diferentes casuísticas que presenta o alumnado organizando vías de actuación para o seu proceso de ensino e aprendizaxe.

O obxectivo para a nosa escola será convertila nun lugar seguro, onde as familias deixen aos seus fillos e fillas con total confianza e que a actividade de ensino e aprendizaxe se leve a cabo nun clima de afectividade e felicidade.

### **3. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN**

Para acadar con éxito estes obxectivos teremos en conta certas medidas organizativas e de funcionamento do centro que a continuación explicamos. Nos seguintes apartados desenvolvemos os recursos previstos para isto, así como as diferentes pautas e criterios xerais a ter en conta no desenvolvemento das diferentes actuacións en relación cos plans e proxectos que nos permitirán acadar os obxectivos propostos.

#### **CALENDARIO ESCOLAR**

A Orde do Orde do 25 de xuño de 2020, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, determina a configuración do calendario escolar do noso centro.

Para este curso, solicitáronse os seguintes días como non lectivos:

- 2 de novembro (xa concedido)
- 18 de maio

#### **ORGANIZACIÓN DA XORNADA ESCOLAR**

O horario de adicación do profesorado a actividades no centro será de 30 horas semanais que se reparten así:

- 25 horas lectivas en horario 8:45 a 13:45 hs.
- 5 horas de permanencia no centro.

As horas de permanencia no centro son distribuídas do seguinte xeito:

- De 08:30 a 08:45 tódolos días para facer a garda de transporte.
- De 13:45 a 14:00 tódolos días.
- De 16:00 a 18:30 os martes pola tarde .

O resto da xornada semanal (7 horas e media), de non obrigada permanencia no centro destinarase ao perfeccionamento e formación, á preparación de actividades docentes e á atención doutras actividades inherentes á función docente.

O horario da escola, de xornada continua, é de 08:45 a 13:45 h.

Este curso continuamos co aumento de sesións semanais de lingua estranxeira, xa que continuamos sendo centro Plurilingüe. Cada grupo clase contará con 3 sesións semanais en lingua estranxeira. Destas sesións, 2 corresponden ao Plurilingüismo,



e 1 sesión será de Psicomotricidade en inglés. Tamén contaremos cunha auxiliar de conversa, compartida co CPI Arquitecto Palacios.

Continuamos con obradoiros de estimulación da linguaxe oral, de especial importancia na educación infantil.

### **Organización de entradas e saídas:**

O centro abre as portas ás 8:30hs para ao alumnado transportado (contamos con dúas liñas de bus).

Ás 8:45 abrimos ao resto do alumnado ata as 13:45 h.

A entrada é flexible, de 08:45 a 09:15, favorecendo así que non se aglomere xente neste intre.

Se alguén precisa recoller ao seu fillo ou filla antes da hora da saída, deberá asinar no libro correspondente.

O alumnado usuario do comedor escolar, sito no CEE de Panxón, subirá ao autobús na nosa escola ás 13:30 h. Este curso adiantouse a saída por mor da organización precisa no propio comedor para respectar o protocolo COVID.

Este curso, o persoal colaborador do comedor está sendo o profesorado da escola, se ben está sendo moi complicado por cuestións persoais do mesmo, así como por cuestións organizativas da propia escola, xa que o 50% do profesorado ten que abandonar o centro para asistir ao comedor 20 minutos antes da fin da xornada lectiva. A situación complícase aínda máis cando falta algunha mestra.

Unha vez rematado este servizo, as familias poden optar por:

- Recoller aos seus fillos e fillas ao rematar o xantar, ás 14:30hs.
- Ou ben que os seus fillos e fillas volten á casa en autobús. Éstes serán atendidos polo persoal colaborador do comedor ata as 15:30, hora de saída do bus.

O horario de saída da escola é ás 13:45, se ben, para favorecer a saída escalonada, e impedir aglomeracións no exterior, as familias poden recoller ao alumnado a partires das 13:35 hs.

Outra novidade en canto ás entradas e saídas do centro, como adaptación ao protocolo COVID, é que a escola habilitou dúas portas de acceso ao centro para evitar as aglomeracións. Deste xeito, o alumnado de 4º e 5º EI empregan a porta principal e o alumnado de 6º empregan a porta traseira. Está solicitado ao concello o cambio desta porta por unha de emerxencias.

## **ORGANIZACIÓN DO CENTRO:**

### **PERSOAL DOCENTE:**

Olga M<sup>a</sup> Blanco Outón: titora de 4º EI e coordinadora do proxecto anual de centro.

Sonia Célix Fernández: titora de 5º EI e coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

Yolanda Colmenero Feijóo: titora de 6º EI e coordinadora do equipo de biblioteca.

M<sup>a</sup> Gema Novo García: Mestra de apoio á educación infantil, coordinadora de ciclo e directora da escola.

Raquel Arca García : mestra especialista en Audición e Linguaxe e responsable de TICS.

Laura Cobas González: mestra especialista en Lingua Estranxeira Inglés, coordinadora de Plurilingüismo e de actividades complementarias e extraescolares. (Mestra substituta de Enrique Manuel Moure Stinge).

M<sup>a</sup> Pastora Astray Mochales: Orientadora. Pertence ao claustro do CPI Arquitecto Palacios. M<sup>a</sup> Consuelo Segade Carreira: mestra de Relixión Católica. Pertence ao claustro do CPI Arquitecto Palacios.

Elena Graña Rodríguez: mestra especialista en Pedagogía Terapéutica. Pertence ao claustro do CEIP Humberto Juanes.

O horario das mestras, é o recollido no DOC.

### **PERSOAL NON DOCENTE:**

M<sup>a</sup> Isabel Pérez Blanco: Persoal auxiliar coidador.

### **PLAN DE REFORZO**

Tal e como se establece nas instrucións do 30 de xullo de 2020, nas programacións didácticas contemplárase un plan de reforzo para que o alumnado poida acadar os obxectivos que non foron acadados no terceiro trimestre do curso pasado debido á suspensión das clases lectivas presenciais.

### **PROXECTO ANUAL DE CENTRO:**

Este curso a temática sobre a que van xirar todos os contidos do curso será a horta escolar. En xaneiro do curso pasado coa axuda das familias, do profesorado, do concello e do presuposto da propia escola, creouse unha horta ecolóxica, **a Horta de Lola** (a mascota da biblioteca). Debido ao confinamento que tivo lugar a partires

de marzo, só se puido iniciar o funcionamento cos primeiros semilleiros e plantíos. Seguíuse traballando no seu mantemento, publicando os progresos na páxina web e incluso repartindo produtos recollidos ás familias, pero a cativada non puido seguir traballando nela. Por este motivo, preténdese darlle o protagonismo que merece este curso.

A escola contratou o servizo dunha persoa para que se encargue do mantemento e a maiores fai proposta de actividades para levar a cabo co alumnado. A fin de curso todo o alumnado terá un caderno de campo sobre o traballo na horta.

#### **4. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

##### **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

Este curso a organización das actividades complementarias vai estar condicionada polas medidas de adaptación ao protocolo COVID.

É propio da escola organizar diversas saídas ao Teatro, ao Correlingua, a museos e demais espazos de interese, se ben este curso, polo momento, quedan aprazadas ata que a situación epidemolóxica mellore.

Tamén hai por costume organizar unha visita ao CPI Arquitecto Palacios co alumnado de 6º para facilitar a súa adaptación para o vindeiro curso. Terá lugar no mes de xuño sempre e cando as condicións sexan favorables.

Para a realización das sesións de psicomotricidade faciase uso do pavillón de deportes do Concello de Nigrán, próximo á escola. Se ben, este curso queda adiado ata que as condicións melloren.

Participará o alumnado de 6º na Carreira Solidaria que adoita organizar o CPI Arquitecto Palacios polo día da Paz, sempre e cando as condicións o permitan.

As actividades que adoitamos realizar cos centros da contorna (CPI Arquitecto Palacios, CEE de Panxón, Centro Juan María, Galiña Azul, ... ), tales como o apadriñamento lector, a visita do alumnado da Galiña Azul, sesións de contacontos, de teatro, etc. Quedan condicionadas tamén á evolución da pandemia.

Levaranse a cabo saídas pola contorna máis próxima á escola: parque e praia.

Destas e outras actividades que poidan xurdir ao longo do curso e se poidan levar a cabo, será informado o Consello Escolar.

Valoramos a importancia das festas populares e festexámolas na escola, coa colaboración e invitación das familias, mais este curso, polo momento, os festexos

na escola serán sen a presenza das familias, así como tampouco se abrirá a biblioteca do centro (Bibliodunas) á comunidade educativa polas tardes:

- Festa de Samaín ou Halloween.
- Festa do Magosto.
- Festa do Nadal.
- Festa do Entroido.
- Festa de fin de curso
- Conmemoracións que poidan xurdir e que motiven o interese da cativada.
- Outros Obradoiros e actividades de interese que poidan xurdir ao longo do curso

## **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

Ata o momento, a ANPA era a encargada da organización das actividades extraescolares para o noso alumnado, xunto co do CPI Arquitecto Palacios. Tamén organizaba o Plan Madruga e o Plan Mediodía.

Este curso, debido á imposibilidade de cumprir o protocolo COVID, non organizará estas actividades, a lo menos polo momento e ata que a situación mellore.

## **5. AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO**

### **LOCALIZACIÓN E EQUIPAMENTO DAS CAIXAS DE URXENCIAS**

A escola dispón dunha caixa de primeiros auxilios para a atención de pequenas urxencias, situada no baño da aula de 4ºE1 (entrando na escola á dereita), e outra na zona de acceso ao almacén.

Estas caixas están equipadas con material básico para a atención de primeiros auxilios e foron revisadas a principios deste curso.

O curso pasado o Concello instalou na nosa escola un DEA, e unha das mestras recibiu a formación pertinente. Temos solicitado para este curso outra formación, que o Concello se comprometeu a dar cunha empresa especializada para dúas das mestras do claustro.

### **CONTROL DE ACCESO AO CENTRO**

Dentro do horario escolar non se permite o acceso de persoas non autorizadas á escola. As dúas portas polas que se poden entrar no centro permanecen pechadas. No caso de ter que recoller algún neno/a, deixar algún material nas aulas ou incidencias similares, a persoa que o requira deberá timbrar e será atendido pola

persoa que esté de garda nese momento. Na franxa de horario do recreo de 11:30 á 12:00 h as mestras pecharán as portas exteriores.

## **PROTECCIÓN DO ALUMNADO**

Os alumnos só poderán abandonar o Centro Escolar en horario lectivo con coñecemento do seu/súa titor/titora ou directora, previa comunicación dos titores legais, e sairán sempre acompañados dun familiar ou persoa debidamente identificada que deberá cubrir un impreso que lle facilitará a titora ou en dirección.

No caso de accidente dun alumno, avisarase a familia, quen se fará cargo do mesmo. En caso de urxencia ou cando a familia non puidese ser localizada será avisado o servizo de urxencias.

## **SISTEMAS DE SEGURIDADE**

O Colexio conta cos seguintes recursos en materia de seguridade:

- Peche do recinto.
- Enreixado do patio.
- Extintores situados en:
  - 1 na aula 6º EI ( entrando na escola á dereita ) extintor especial cadros eléctricos
  - 1 na aula 5ºEI ( entrando na escola á esquerda )
  - 1 na aula 4º EI (que está ao fondo ao lado da titoría)
  - 1 na biblioteca.

En total contamos con 4 extintores na escola.

No caso de urxencia grave procederase ao desaloxo do Centro, observando as seguintes instrucións:

Para o profesorado:

- A persoa que se decate da causa da urxencia abrirá ou mandará abrir as portas de acceso á escola.
- Esta persoa dará o sinal de alarma, tocando o timbre (que está situado na aula 4º EI entrando na escola á dereita)
- Se o motivo de alarma non supón risco inmediato, evitarase o uso do timbre, avisando aula por aula ao resto de mestras procurando manter a calma farase a evacuación da escola ordenadamente do seguinte xeito:
  - Os nenos da aula de 6º EI que está ao lado da titoría, sairán pola parte traseira da biblioteca.

- Os nenos da aula de 4º El sairán pola porta principal da escola e os nenos de 5º El tamén, dando paso primeiro aos máis pequenos.
- Empregaranse os sinais de dirección situados no chan.

Para o alumnado:

Ao escoitar o sinal de alarma deixarán as súas tarefas e colocaranse en filas para saír. Cando o/a mestre o indique, sairán da aula de forma ordenada, sen correr e sen deterse. Unha vez fóra do edificio escolar, dirixiranse ao parque que hai ao lado da escola, quedando terminantemente prohibido permanecer nas proximidades do edificio.

## **6. PERÍODO DE ADAPTACIÓN DO ALUMNADO QUE SE INCORPORA POR PRIMEIRA VEZ Á ESCOLA**

O período de adaptación organízase de xeito escalonado e acumulativo. Nenas e nenos irán incorporándose á escola en pequenos grupos de tres ou catro membros ao longo da primeira semana.

Dentro do alumnado de 4º de educación infantil, establécense 5 grupos:

Cada grupo permanecerá a primeira metade da mañá a soas coa mestra, o que permitirá facer unha valoración individualizada de cada quen. Este primeiro achegamento adquire especial relevancia o presente ano xa que, debido ás excepciónais circunstancias sanitarias, a titora non tivo contacto previo nin co alumnado nin coas familias.

A segunda metade da mañá vanse sumando os grupos que xa teñen asistido os días anteriores, deste xeito facilitarase unha socialización progresiva entre todo o alumnado de 4º, que quedará integrado na súa totalidade durante a primeira semana do curso.

Nas seguintes semanas o que se fai é ir aumentando o tempo de permanencia do grupo completo ata chegar ao horario normal da escola.

A semana que abrangue do xoves 10 ao mércores 16 de setembro artellarase do seguinte xeito:

As entrevistas individuais faranse de xeito presencial só entre aquelas familias nas que as crianzas presenten unhas características persoais que requiran unha pronta obtención de datos. Faráselles chegar ao resto das familias un cuestionario que deberán cubrir y remitir de novo ao centro. Nos casos nos que se estime oportuno, citaráselles para unha videoconferencia.

O alumnado que precise empregar os servizos de transporte e comedor, poderá facelo a partires do día 1 de outubro.

## 7. PLAN DE TRANSICIÓN A PRIMARIA.

Pretendemos co programa de transición infantil - primaria concretar dunha forma sinxela unha serie de actividades que permitan unha efectiva continuidade do alumnado da EEI As Dunas á Educación Primaria no CPI Arquitecto Palacios.

O paso ao nivel da Educación Primara supón un cambio importante para o alumnado: cambian os mestres/as, os espazos, a distribución do tempo, a metodoloxía de traballo, as rutinas de clase, os materiais e os recursos.

Para asegurar esa coherencia e esta continuidade deben establecerse de forma conxunta os criterios de selección de obxectivos e a secuenciación dos contidos necesarios. Isto solo é posible cunha boa coordinación entre o profesorado dunha etapa e a da seguinte.

O programa de transición diríxese basicamente a 3 grupos:

- ALUMNADO que finaliza a etapa de Infantil e comeza 1º de Primaria.
- FAMILIAS do alumnado que se atopa neste período escolar. A orientación e a colaboración deste sector da Comunidade Educativa é un aspecto fundamental para obter uns óptimos resultados no proceso.
- PROFESORADO, os responsables do deseño e implementación do programa serán os que a continuación se detallan:
  - Equipo de mestres e mestras de Educación Infantil. Dentro deste conxunto de profesionais, só os pertencentes ao 6º curso do segundo ciclo de Educación Infantil levarán a cabo a posta en práctica de todas as actuacións planificadas.
  - Equipo de docentes do primeiro ciclo de Educación Primaria. Neste caso, os mestres/as que imparten a docencia de 2º de Primaria serán os encargados de realizar as distintas actividades.
  - Profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe
  - A orientadora, coordinadora do programa

Na nosa escola, como compartimos a Orientadora, así como outros docentes, polo que se fai máis doada esta transición. Ademais o alumnado coñece a ubicación do centro ao iren a diario ao comedor. A maiores adóitase compartir actividades, como por exemplo, a carreira solidaria que organiza o CPI á que nos convida cada ano e o Apadriñamento lector, no que convidamos na nosa escola ao alumnado do CPI

para vir a contar contos ao noso alumna- do. Estas relacións que establecemos durante o curso facilitan a transición do alumnado.

Hai que ter en conta que estas actividades só se levarán a cabo se no mes de xuño as cir- cunstancias de evolución da pandemia o permiten.

## **8. PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO**

O Estatuto de autonomía no artigo 5 define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

Segundo o Decreto 79/ 2010, do 20 de Maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria, dispón no seu artigo referido a educación infantil que o profesorado utilizará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo. Asemade, atenderase de forma individualizada ao alumnado tendo en conta a súa lingua materna.

En base ao exposto, os obxectivos a acadar na nosa escola, serán fundamentalmente, os que seguen:

- Respetar e estimular o uso das dúas linguas, potenciando o desenvolvemento da menos favorecida.
- Crear o ambiente propicio para que a comunicación entre a escola e a comunidade educativa sexa sensible ao uso do galego.

Traballarase a lingua galega en:

- Conversas na asemblea ou faladoiro.
- Lectura de contos.
- Anuncios.
- Memorización de poesías, adiviñas, cancións, trabalinguas,...
- Actividades complementarias relacionadas coa cultura e a etnografía galega: teatro, concertos, festas populares, saídas polo contorno para descubrir as nosas raíces,...



Ensino en galego:

- Bibliodunas, a nosa biblioteca, conta con fondos en galego: libros, revistas e outros materiais.
- Material audiovisual (CD's, DVD's, diapositivas,...) en galego.
- Na páxina web da escola faranse as publicacións en galego.
- As mestras fomentarán o uso da lingua na súa actividade docente.
- O material elaborado co alumnado farase en galego: murais, montaxes vídeos...
- As reunións da Comunidade Educativa serán tamén en galego.

Proxecto de fomento do uso do galego:

Levarase a cabo un Proxecto de fomento de uso do galego, relacionado co proxecto de centro, no que participará todo o alumnado e o profesorado, implicando tamén ás familias. Participaremos, se as circunstancias derivadas do COVID o permiten, no Correlingua.

## **9. PLAN DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE**

Baseándonos no Plan de Atención á Diversidade que temos elaborado centrarémonos sobre todo en reforzar a relación entre o centro e as familias, fomentar a coordinación entre os distintos membros da Comunidade Educativa e cooperar na construción da convivencia.

### **OBXECTIVOS**

- Facilitar ao alumnado con necesidades educativas unha resposta axeitada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumnado.
- Coordinar o desenvolvemento de actividades encamiñadas á inserción e promoción do alumnado con características especiais.
- Establecer canles de coordinación entre os diversos profesores que interveñen co alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo (ACNEAE).

## **ALUMNADO SUSCEPTIBLE DE MEDIDAS EDUCATIVAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A atención de forma máis específica realizarase co seguinte alumnado:

- Alumnado con praza de reserva para NEAE e escolarización combinada.
- Alumnado de integración tardía ao sistema educativo español con descoñecemento das linguas vehiculares.
- Alumnado con dificultades e ritmo lento de aprendizaxe.
- Alumnado con problemas emotivo relacionais e/ ou de conduta.
- Alumnos con altas capacidades.

### **PLAN DE ACOLLIDA PARA ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA O SISTEMA EDUCATIVO ESPAÑOL.**

Para facilitar a adaptación do alumnado que se escolarice ao longo do curso, procedente doutros países, elaboráronse os seguintes criterios e procedementos de actuación:

- Escolarización: Recepción da familia e formalización de matrícula: O Equipo Directivo realizará estas accións.
- Acollida inicial do alumno ou alumna, realizada polo profesor-titor.
- Resposta educativa, realizando unha adscrición definitiva do alumno ou alumna a un nivel educativo, avaliando o seu nivel inicial de competencia curricular e organizando, se fose necesario, o reforzo educativo e os materiais didácticos adaptados ás súas necesidades educativas.

### **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (D.229/2011, 7 DE DECEMBRO)**

#### **MEDIDAS ORDINARIAS**

##### **Organizativas:**

O criterio xeral que se vai adoptar é lograr proporcionar ao alumnado unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe a través de medidas organizativas centradas en facilitar á titora unha

intervención máis individualizada. O apoio realizarase dentro da aula. Ao principio do curso as titoras concretarán os obxectivos que se van traballar con este alumnado.

#### **Curriculares:**

- Priorización de contidos mínimos propios do ciclo.
- Adaptación de materiais didácticos.

#### **Metodolóxicas:**

- Partir dos coñecementos previos (avaliación inicial).
- Formular actividades e procedementos de avaliación diversificados, adaptadas aos diferentes niveis e intereses.

Aprendizaxes funcionais, potenciando a xeneralización das aprendizaxes que realizan na aula.

#### **Titorías:**

No Plan de Acción Titorial aprobado no centro contémplanse as medidas de seguimento individualizado do alumnado, procedementos de detección das necesidades, coordinación entre o profesorado que intervén co alumnado e sistemas de avaliación.

### **MEDIDAS EXTRAORDINARIAS**

- Adaptacións curriculares significativas. Implica toda modificación que se realice nos diferentes elementos curriculares: obxectivos, contidos, criterios de avaliación, metodoloxía e organización.
- Permanencia dun ano máis no ciclo. (Flexibilización).
- Apoio especializado da mestra de Audición e Linguaxe e/ou a especialista de Pedagogía Terapéutica.
- Grupo de adquisición de linguas. (Sexto de educación infantil).

### **RECURSOS PERSOAIS E MATERIAIS**

#### **RECURSOS PERSOAIS**

O conxunto do profesorado da escola, entre o que está a mestra especialista en AL, así como tamén a mestra especialista en PT, compartida co CEIP Humberto Juanes, así como tamén unha persoa auxiliar coidadora.

## **RECURSOS MATERIAIS**

Poder levar a cabo actuacións de atención a diversidade, así como agrupacións de alumnos diferentes á organización de alumnos por nivel, implica dispoñer de espazos adaptados a estas actuacións e organización dos materiais didácticos que sexan accesibles a todo o profesorado e alumnado.

## **INTERVENCIÓN DO PROFESORADO ESPECIALISTA. ORIENTADORA, MESTRA ESPECIALISTA EN AUDIÇÃO E LINGUAXE E MESTRA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA**

Realizarán intervencións directas de apoio, nos casos que sexa necesario.

Elaborarán coa titora as adaptacións curriculares e participarán na avaliación do alumnado nas áreas que presente dificultade.

Valorarán as necesidades educativas especiais do alumnado.

Asesorarán ao profesorado de Educación Infantil sobre a resposta educativa ao alumnado con necesidades.

A elaboración e a adaptación de material didáctico para a atención educativa especializada do alumnado con necesidades educativas especiais, así como a orientación ao resto do profesorado para adaptación dos materiais curriculares e de apoio.

A mestra especialista de Audición e Linguaxe impartirá un taller de estimulación da linguaxe oral nos diferentes grupos, para previr e detectar problemas relacionados coa fala, así como reforzos educativos de xeito individual se fose necesario.

Pedir asesoramento ao equipo de Orientación Específico nos casos que fose preciso.

## **PROTOCOLO DE PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN DA COVID-19 NO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.**

Con carácter xeral, no caso do alumnado con necesidades educativas especiais, mantéñen-se as catro medidas fundamentais na prevención do coronavirus: uso de máscara de protección (de forma obrigatoria en maiores de 6 anos sempre que a toleren), incremento da hixiene de mans ata un mínimo de 5 veces ao día, manter a distancia física establecida de forma xenérica de 1 metro e medio, e potenciación da ventilación dos espazos pechados.

Especificamente neste colectivo, destacamos as seguintes medidas específicas de prevención da transmisión da Covid-19:

1. O/a alumno/a con necesidades especiais utilizará máscara cirúrxica ou hixiénica, que cumpra coa normativa UNE 0064 (para as dun só uso) ou UNE 0065 (para as reutilizables), sempre que teña unha idade superior a 6 anos e recomendada para alumnado entre os 3 e 6 anos. Neste colectivo, será necesario verificar a tolerancia do neno ou da nena á máscara. Se non fose posible a súa utilización, prescindirase do uso da máscara por parte do/a neno/a e manterase un cumprimento estrito da distancia de seguridade.

2. Naqueles casos nos que o alumno/a poida facer uso de máscara e nos que non sexa posible que os profesionais de interveñen con el garden a distancia de seguridade para as ife- rentes actuacións precisas (aseo, outros apoios á autonomía persoal, atención de audición e linguaxe, etc), hai que extremar as precaucións de hixiene de mans, e utilización de máscara cirúrxica ou textil co marcado UNE 0065, xunto coa recomendación da utilización da pantalla.

3. Nos restantes casos manterase unha distancia de 1,5 metros de forma xenérica nas teracións co resto do persoal e alumnado. Se non se puidese manter esta distancia e esta tive- se que ser reducida, complementaríase coa utilización de mamparas de separación entre os escritorios.

4. No caso de que o alumnado non faga uso de pupitres senón doutros elementos edu- cativos (colchonetas, elementos de estimulación sensorial, etc) procederá a ventilación poste- rior da sala e limpeza con solución dos virucidas aprobados polo Ministerio das superficies utili- zadas

5. Con carácter xeral e por motivos de inclusión, o ACNEE formará o grupo de convi- vencia estable coa aula á que pertence. Nos caso de alumnado en escolaridade combinada o alumnado formará grupo de convivencia estable coas aulas ás que lle correspondan tanto nun mesmo centro como en centros diferentes.

6. Para facilitar a xestión sanitaria do SARS-CoV-2 e a mellor atención posible ao alum- nado que precise apoios específicos con criterios de seguridade, poderá procederse a crea- ción, sempre voluntariamente por parte dos centros, e en coordinación coas familias, de Unida- des de Educación Especial en Centros Ordinarios. Facilitarase que este alumnado comparta espazos de uso común e outras asignaturas específicas para facilitar a súa inclusión.

7. Garantirase a accesibilidade comunicativa e cognitiva da información relevante para o alumnado mediante a utilización dos Sistemas Aumentativos e Alternativos de Comunica- ción, e das modalidades comunicativas que utilice o alumnado. A tal fin poderá dispoñerse car- telería con pictogramas Así como a

adaptación de información e recomendacións a modalidades accesibles como, por exemplo, lectura fácil.

9. Aconséllase que ao inicio do curso o alumnado con necesidades educativas especiais dispoña dun documento de adaptación específico de medidas de seguridade. Este documento será elaborado polo Departamento de Orientación do centro educativo en colaboración co pediatra de referencia do/a alumno/a. Este documento formará parte do Plan de Atención Individualizado previsto no Protocolo de Atención Educativa a Urxencias Sanitarias e Enfermidade Crónica, para o que se publicará unha Addenda orientativa na que constarán, cando menos: a tolerancia/pertinencia ou non do uso de máscara, os síntomas particulares que poden corresponder ao alumno/a en función da súa condición ou patoloxías previas con especial indicación dos sinais de alerta que correspondan no caso de que o alumno/a non poida comunicar ou discernir con claridade os síntomas previstos na cuestionario de autoavaliación Covid-19.

10. O alumnado con necesidades especiais terá prioridade nas entradas e saídas do centro educativo. Cando sexa necesario, o/a alumno/a será acompañado por persoal do centro educativo.

11. Nas sesións de Audición e Linguaxe farase uso de máscaras transparentes, hixiene de mans e ventilación do espazos duns 10-15 minutos tras cada sesión.

12. Prestarase especial atención á hixienización dos agarres das cadeiras de rodas, que poden ser manipulados por diferentes persoas no centro.

13. Ante unha persoa que desenvolva síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado: forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desechable. Na eventualidade de que non houbera dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

## 10. PROXECTO LECTOR E DE USO DA BIBLIOTECA

Dende que pertencemos ao PLAMBE, ano 2012, a nosa biblioteca, Bibliodunas, deu un xiro positivo a tódolos niveis. Este curso non se poden levar a cabo moitas das actividades que viñamos facendo por previr o COVID-19, pero velaremos polo bo funcionamento da mesma, como eixo dinámico da escola.

### OBXECTIVOS. FUNDAMENTACIÓN

- Conseguir que a biblioteca sexa eixo dinamizador dos proxectos que se desenvolverán no centro.
- Valorar a biblioteca como un espazo de disfrute e fonte de información para toda a Comunidade Educativa.
- Contribuír á compensación de desigualdades sociais.
- Velar pola inclusividade de toda a Comunidade Educativa
- Fomentar a lectura como fonte de pracer.
- Potenciar a implicación de toda a comunidade educativa na creación de hábitos lectores.
- Diseñar e elaborar materiais de traballo e propostas para a promoción lectora.
- Proporcionar apoio ao proxecto de centro: “ SEMENTANDO CON LOLA”.
- Promover o uso dos recursos do centro de forma que contribúan en tódalas áreas ao desenvolvemento de ALFIN e do uso das TICS.
- Difundir o recanto creatividade , Argallando con Lola, para o seu uso nas aulas.
- Iniciar e potenciar o desenvolvemento da lectura e escritura no alumnado.
- Facer uso da lectura para ampliar vocabulario.
- Velar pola difusión e actualización de páxina web na etiqueta da biblioteca

### ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA.

En canto á **organización dos espazos**: Este curso modificáronse varios aspectos, xa que a biblioteca tamén é un pasillo que distribúe as dúas entradas á escola, máis a entrada ás aulas polo que: se colocaron mobles para cambiar de calzado ao entrar no centro,

sinalizouse no chan e máis en paredes os percorridos de entrada e saída, distancia de seguridade, espazos para botar xel...

Tamén houbo que mover algún moble para facilitar o tránsito. Este curso bibliodunas está pensada como un banco de recursos que a comunidade educativa ten ao seu alcance, máis que como unha estancia. Dotamos as bibliotecas de aula con moitos máis fondos para que o alumnado teña na aula para escoller, en lugar de visitar bibliodunas.

En canto á **organización do tempo**: comezaremos por facer os horarios de adicación á biblioteca das mestras do equipo. Non fixemos horario de visitas a bibliodunas, por non romper os grupos burbulla, de tal xeito que son as mestras titoras e máis o equipo da biblioteca as que dotan as aulas do que fose preciso para o empréstito.

Polo momento, non abrimos a biblioteca os martes pola tarde á Comunidade Educativa.

Na "Hora de ler" está implicado todo o profesorado do centro. Despois do recreo cóntase o conto, encárgase a mestra que teña clase no grupo.

## **LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO.**

O proxecto de centro " Sementando con Lola " é eixo condutor, que nace da biblioteca e desenvólvese nas aulas. Este curso parte del transcorrerá tamén na horta de Lola xa que está totalmente vinculado con ela. A biblioteca tamén apoiará outros proxectos que se traballen nas aulas.

### **Este curso organizaranse actividades como:**

- Actividades para a formación de usuarios, ALFIN, competencias básicas en TICS.
- Servizo de empréstitos persoais e de aula. Duplicamos os empréstitos semanais.
- Actualizar a etiqueta da biblioteca na páxina web do centro
- Visualizar as súas publicacións a través das aulas.
- Dar difusión das novidades a través da páxina web: fondos, efemérides, novas...
- Conmeracións de efemérides: organización, difusión, planificación...
- Potenciar actividades, obradoiros, conta contos... no exterior da escola.



## **SECCIÓNS. BIBLIOTECAS DE AULA OU DEPARTAMENTOS.**

Este curso aumentaranse os fondos para as bibliotecas de aula, debido a que polo momento, non visitaremos bibliodunas. Dende as aulas faranse os empréstitos. Asesoraremos ás titoras na elección de fondos para as aulas e procuraremos unha rotación dos menos a lo menos unha vez ao mes. Asemade, crearemos recantos temáticos na biblioteca: proxecto de centro, novidades cada dúas semanas, samain, día da non violencia...

## **RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS**

### **Actividades na hora da Biblioteca ou na Hora de ler.**

No noso centro, é a mestra que está na aula na penúltima sesión da mañá, a que se encarga de ler o conto ao grupo. Faise nas tres aulas ao mesmo tempo. Ao tratarse de alumnado de infantil, son as mestras as encargadas da lectura dos contos.

En Bibliodunas temos un recanto adicado ás novidades, así como tamén un recanto temático segundo as efemérides e máis os proxectos que se están levando a cabo. É recomendable usar esta selección na hora de ler.

### **Actividades de lectura compartida ( apadriñamentos lectores, lectura en parella ... )**

Este curso non levaremos a cabo os apadriñamentos lectores co alumnado do noso centro adscrito.

### **Actividades para a implicación das familias.**

Procuraremos implicar ás familias, valéndonos da páxina web da escola, por medio de vídeos, fotografías, recomendacións lectoras... pero non convidaremos ás familias á escola, como viñamos facendo cursos anteriores.

**Empréstito de fondos semanais.** No mes de Outubro comezamos o empréstito de fondos. Este ano ampliamos a dous fondos, debido a que non abrimos a biblioteca polas tarde.

## **SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

Farase un seguimento do funcionamento da biblioteca, primeiramente falando o equipo da biblioteca sobre o que funciona ben e o que tería que mellorar. escoitaranse as propostas do resto do profesorado, así como das familias e o alumnado durante o desenvolvemento do curso.

Ao final do terceiro trimestre, realizaranse as enquisas por parte de profesorado, familias e alumnado, para saberen o que opinan de Bibliodunas e en que aspectos hai que mellorar. Tamén se terán en conta as aportacións que se fagan dende a páxina web.

Valoraranse aspectos como:

- Melloras ao longo do curso na competencia lingüística do alumnado.
- Participación nas diferentes actividades e propostas feitas ao longo do curso.
- Adquisición de hábitos lectores.
- As actividades propiamente ditas.
- Implicación das familias.
- Grao de utilización dos recursos da biblioteca escolar e de aula.
- Empréstitos realizados ao alumnado e ás aulas.
- Incremento dos fondos e difusión entre os membros da comunidade escolar.
- Satisfacción do alumnado, do profesorado e das familias, así como nivel de motivación.
- Grao de cumprimento dos obxectivos do Plan Anual.

Tendo en conta todas as aportacións, elaborárase unha memoria onde se recolla o resultado do traballo e as propostas de mellora.

## **11. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS T.I.C.**

As tecnoloxías da información e a comunicación teñen unha presenza importante no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado da nosa escola. Estes recursos son empregados con frecuencia durante as diferentes sesións.

Na actualidade, o centro conta cunha pizarra dixital en cada aula e outra na biblioteca.

No curso 17/18 solicitouse un PFPP para o centro cunha liña para tentar acadar unha maior integración didáctica das TIC na escola e traballar colaborativamente ao recibir formación e elaborar actividades no correspondente grupo de traballo. As sesións de formación xiraron principalmente darredor do uso e mantemento da páxina web, das posibilidades que ofrecían as tablets para desenvolver a competencia dixital co alumnado e do que a robótica permite traballar mediante o uso de escornabots. Dende entón, contamos con dous robots educativos que se empregarán con frecuencia co alumnado durante as sesións do Programa Plurilingüe e tamén en diferentes áreas e proxectos de aula, etc.

O curso 18/19 mercáronse novas dúas tablets con fondos do Programa Plurilingüe, que están a disposición das aulas.

No curso 20/21 realizouse no centro o PFPP “Profundizar en Diferentes Pedagogías”, e entre outras cousas, mercouse un robot, de maneira que actualmente cada aula dispón dun.

Os ordenadores e as pizarras dixitais serán tamén empregados en todas as aulas para que o alumnado sexa quen de aprender letras, palabras, nocións espaciais e temporais, conceptos lóxicos e matemáticos, contos, cancións, exercicios de respiración , praxias, exercicios de atención....usando as 3 linguas (castelán, galego e inglés), ao mesmo tempo que van adquirindo outra serie de aprendizaxes e habilidades como son o manexo do rato, coñecemento e manexo do teclado, uso dos CDs e da cámara dixital... Na escola trabállanse todos os contidos curriculares pero de forma variada: a información chégalle aos escolares a través de distintas canles, o que a fai máis eficaz, conleva unha maior motivación ante as aprendizaxes, máis activas, para que eles interactúen e se convirtan en protagonistas da súa aprendizaxe ao seu ritmo e nivel.

O traballo do alumnado mediante o uso das TIC supón a adecuación da resposta educativa ás necesidades de cada alumno, a partir de actividades deseñadas para tal fin na programación de Educación Infantil.

Todas as aulas da escola contan tamén cun recanto específico de novas tecnoloxías que emprega a diario todo o alumnado.

Tendo en conta o sucedido o curso pasado co estado de alarma, e co fin de facilitar o ensino telemático, por se fose necesario usalo de novo, decidimos que este ano o PFPP se centrará na Actualización de Ferramentas Tecnolóxicas para Docentes e no Aproveitamento Didáctico de Ferramentas Institucionais para o Ensino Mixto. Esta formación permitiranos ademais empregar a aula virtual como un recurso máis, non só no caso de ter que levarse a cabo o ensino telemático.

## **12. PLURILINGÜISMO**

Este é o terceiro curso no que se imparte o programa plurilingüe Plurininfantil, polo que é centro plurilingüe acreditado en Educación Infantil. Como consecuencia, a carga horaria impartida en lingua estranxeira en cada un dos grupos véese incrementada para que o alumnado poida recibir un maior número de sesións en lingua estranxeira. As sesións propostas para cada un dos cursos (4º, 5º e 6º de EI) serán desenvolvidas nas tres áreas de coñecemento cos seus respectivos bloques e obxectivos: coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal, coñecemento da contorna e linguaxes: comunicación e representación. Este curso as sesións de psicomotricidade serán en inglés.

Os principais obxectivos do Programa Plurilingüe no noso centro son:

- Proporcionar unha competencia plurilingüe e pluricultural.

- Converter aos/ás escolares en usuarios preparados para empregar cada unha das linguas do repertorio plurilingüe persoal como ferramenta para a adquisición, construción de coñecementos, para o goce e a creación a través da linguaxe.
- Consegur que o alumnado se inicie na adquisición da capacidade de utilizar estratexicamente a súa competencia plurilingüe para a mediación en situacións en que os participantes non comparten o mesmo repertorio lingüístico, para a adquisición e procesamento de información, e para conseguir o éxito na comunicación cando o interlocutor ten unha competencia mínima na lingua.
- Desenvolver a curiosidade polas linguas, e proporcionarlles coñecementos básicos sobre que son e como funcionan a partir da observación, manipulación e comparación das diferentes linguas presentes na aula.
- Convertelos en aprendices de linguas estratéxicos e autónomos, e motivados para aprender durante toda a súa vida.
- Formar para a convivencia nunha sociedade multilingüe e multicultural, axudándoos a construírse unha identidade propia e que nesta construción teña un papel fundamental o coñecemento e experiencia da lingua e cultura propia do país do cal son cidadáns.
- Consegur que estes obxectivos sexan alcanzados por todo o alumnado, independentemente da súa procedencia xeográfica ou nivel sociocultural, das competencias lingüísticas e experiencias culturais que posúe ao incorporarse á escola, e das súas capacidades e estilo de aprendizaxe- na medida das súas posibilidades.

As diferentes competencias serán desenvolvidas en todas as áreas en diferente graos. Entre elas, a competencia comunicativa será fundamental por constituír unha ferramenta básica para adquirir novas aprendizaxes de todo o conxunto das áreas. A consideración das competencias básicas como un factor integrador do currículo supón unha grande oportunidade para mellorar non só o currículo, senón tamén o desenvolvemento profesional dos docentes e dos centros educativos. As competencias básicas poderán contribuír á consecución en varios niveis de integración:

- A presenza maior ou menor da competencia comunicativa nas tarefas e actividades que o profesorado realiza actualmente na aula. Tratarase de partir da realidade, das accións que o alumnado vive cada día e dende aí observar en que grao está presente a comunicación e as súas destrezas, para aproveitar todo o xa logrado e definir o campo de mellora.
- A presenza maior ou menor da competencia comunicativa na metodoloxía real da aula. Tratarase de reflexionar sobre distintos modelos e/ou métodos de ensino e a súa

mellor adecuación ao logro da competencia comunicativa para axustarse ás demandas do alumnado.

- A presenza da competencia comunicativa no momento da avaliación de tarefas de forma que conectemos a proposta coas diferentes áreas e aspectos a avaliar.
- A presenza da comunicación lingüística nos distintos tipos do currículo: formal, non formal e informal. Tratarase de afondar na proposta corresponsable para a mellora da comunicación, unindo o papel de escola e familia e así aproveitar o enorme caudal desta responsabilidade.

A praxis educativa verase modificada polo actual estado da pandemia e as restriccións propias do protocolo covid-19. Dita situación afecta especialmente ás actividades grupais que terán lugar cos subgrupos establecidos pola titora en cada aula. Se nalgún momento a situación da pandemia mellora e novos protocolos da Xunta o permiten se poderían retomar coma en tempos anteriores a Marzo do 2020 pois dende o punto de vista metodolóxico son de grande valía para o aprendizaxe integral do alumnado.

No relativo á metodoloxía, o plantexamento das sesións terá carácter lúdico e propiciará o traballo en equipo mediante diversos tipos de agrupamentos en función das necesidades dos proxectos e tarefas propostos co gallo de favorecer aprendizaxes significativas. Ademais de traballar as diferentes áreas a través dun enfoque globalizado para propiciar unha mellor adquisición das competencias clave, o emprego das TIC será constante dentro das aulas impartidas en lingua estranxeira. Especialmente no tratamento de cancións e os seus vídeos. Se empregarán tamén como recursos educativos para fomentar o gusto pola lectura, o desexo de coñecer e investigar e como elemento de familiarización e integración da lingua estranxeira materiais dos fondos da biblioteca da escola en lingua estranxeira, bilingües, trilingües, etc. para propiciar o desenvolvemento das destrezas orais e de comprensión auditiva en inglés.

No proceso de avaliación, a observación diaria e o rexistrado durante o desenvolvemento das sesións será fundamental para determinar a valoración final.

O Proxecto Plurilingüe contará con mecanismos de seguimento e avaliación do programa baseados na observación, rexistro e reflexión sobre a práctica e o desenvolvemento do mesmo durante as sesións ao longo do ano académico. Deste xeito, poderanse valorar os resultados obtidos e establecer as propostas de mellora e axustes pertinentes para incluír na memoria final de curso e avanzar de forma positiva e máis proveitosa durante o vindeiro ano académico.

As familias do alumnado serán informadas sobre aspectos básicos esenciais relativos ao Programa Plurilingüe do centro.

A mestra/e encargada/o de impartir e coordinar o Programa Plurilingüe do centro será Laura Cobas González.

Dado que compartimos a persoa auxiliar de conversa co noso centro adscrito, este curso contaremos con esta persoa dende o día 1 de febreiro ata o 31 de maio con 16 sesións semanais.

### 13. AVALIACIÓN

*\*Grao de consecución do 1 ao 5: de menor a maior.*

|  | ÍTEMS  | GRAO DE CONSECUCIÓN |   |   |   |   |
|--|--|---------------------|---|---|---|---|
|  |  | 1                   | 2 | 3 | 4 | 5 |
| EN CANTO<br>Á<br>IDEOLOXÍA<br>E Á<br>METODOLO<br>XÍA DO<br>CENTRO  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Levouse a cabo unha metodoloxía respectuosa co alumnado.</li> </ul>   |                     |   |   |   |   |
|  | <ul style="list-style-type: none"> <li>A EEI As Dunas é unha escola inclusiva e compensadora de desigualdades sociais.</li> </ul>                  |                     |   |   |   |   |
|  | <ul style="list-style-type: none"> <li>É unha escola aberta á comunidade e ás familias en concreto.</li> </ul>                                     |                     |   |   |   |   |
|  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Leváronse a cabo actividades cos centros próximos.</li> </ul>   |                     |   |   |   |   |
|  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Potenciáronse as actividades no exterior.</li> </ul>  |                     |   |   |   |   |
|  | <ul style="list-style-type: none"> <li>A actuación do EDLG foi exitosa para fomentar o uso da nosa lingua.</li> </ul>                              |                     |   |   |   |   |
|  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Favoreceuse a aprendizaxe da lingua inglesa.</li> </ul>   |                     |   |   |   |   |
|  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Leváronse a cabo actividades propostas pola persoa auxiliar de conversa.</li> </ul>                         |                     |   |   |   |   |
|  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Traballouse por proxectos.</li> </ul>   |                     |   |   |   |   |
|  | <ul style="list-style-type: none"> <li>O proxecto elixido resultou motivador para alumnado e profesorado.</li> </ul>                               |                     |   |   |   |   |
|  | <ul style="list-style-type: none"> <li>O traballo na horta foi motivador para o alumnado e supuxo unha importante fonte de coñecemento.</li> </ul> |                     |   |   |   |   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>A biblioteca supuxo unha fonte inestimable de oportunidades para sementar no alumnado o amor pola lectura.</li> </ul> |  |                     |   |   |   |   |

|                      |   |  |  |  |  |  |
|----------------------|---|--|--|--|--|--|
|                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballáronse dende a titoría tódolos aspectos e valores da convivencia e a igualdade.</li> </ul>                                  |  |  |  |  |  |
|                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Continuouse organizando sesións de “escola de familias”.</li> </ul>  |  |  |  |  |  |
| EN CANTO AO CENTRO   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Solicitouse á Consellería o cambio da cuberta do edificio e as ventás.</li> </ul>  |  |  |  |  |  |
|                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Deuse aviso ao Concello das avarías e arranxos precisos.</li> </ul>  |  |  |  |  |  |
|                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• O Concello colaborou no mantemento da escola.</li> </ul>   |  |  |  |  |  |
|                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• O concello instalou a pasarela da entrada que prometeron ás familias.</li> </ul>   |  |  |  |  |  |
|                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Adquiríronse mobles e materiais.</li> </ul>  |  |  |  |  |  |
|                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Mellorouse a zona de catalogación da biblioteca.</li> </ul>  |  |  |  |  |  |
|                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A páxina web segue sendo un importante medio de difusión das actividades na escola.</li> </ul>                                     |  |  |  |  |  |
|                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Publicáronse na web documentos oficiais da escola.</li> </ul>  |  |  |  |  |  |
|                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A adaptación do protocolo para a escola foi a axeitada e as medidas que se tomaron foron correctas.</li> </ul>                     |  |  |  |  |  |
| EN CANTO ÁS FAMILIAS | <ul style="list-style-type: none"> <li>• As familias foron correctamente informadas sobre as liñas xerais de funcionamento do centro e os obxectivos do curso.</li> </ul>   |  |  |  |  |  |
|                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Participaron as familias na vida xeral da escola.</li> </ul>   |  |  |  |  |  |
|                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escoitáronse as propostas feitas por parte das faamilias.</li> </ul>   |  |  |  |  |  |
|                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• O clima e as relacións familia-escola son boas e agradables.</li> </ul>  |  |  |  |  |  |
|                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Estableceuse un plan de comunicación coas familias e informóuseltes correctamente de todo o relativo á situación COVID.</li> </ul> |  |  |  |  |  |
| EN CANTO             | <ul style="list-style-type: none"> <li>• O grao de colaoración e implicación do profesorado foi bo.</li> </ul>  |  |  |  |  |  |
|                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Continuouse coa formación por medio dun PFPP.</li> </ul>   |  |  |  |  |  |

|                            |   |  |  |  |  |  |
|----------------------------|---|--|--|--|--|--|
| AO<br>PROFESOR<br>ADO      | <ul style="list-style-type: none"> <li>Formouse o equipo docente en ferramentas tecnolóxicas para o ensino mixto.</li> </ul>  |  |  |  |  |  |
|                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>Formouse o equipo docente no uso da aula virtual.</li> </ul>   |  |  |  |  |  |
|                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>As canles de comunicación coas familias foron as correctas e empregáronse en bo grao.</li> </ul>   |  |  |  |  |  |
|                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>Traballouse na actualización do PEC.</li> </ul>  |  |  |  |  |  |
|                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>O Departamento de Orientación colaborou no necesario.</li> </ul>   |  |  |  |  |  |
|                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>A aplicación da adaptación do protocolo de actuación coas medidas previstas para facer fronte á situación derivada da pandemia foi boa.</li> </ul> |  |  |  |  |  |
| EN CANTO<br>AO<br>ALUMNADO | <ul style="list-style-type: none"> <li>Acadouse unha educación de calidade.</li> </ul>  |  |  |  |  |  |
|                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>Ofrecéronse experiencias sensoriais e experimentais e desenvóléronse as aprendizaxes dun xeito lúdico e motivador.</li> </ul>                      |  |  |  |  |  |
|                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>O alumnado asistiu feliz á escola.</li> </ul>  |  |  |  |  |  |
|                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>A actuación en canto ao alumnado con NEE foi a precisa.</li> </ul>   |  |  |  |  |  |

## 14. CONCLUSIÓN

Esta programación pretende contribuír decisivamente ao bo desenvolvemento do alumnado en tódolos ámbitos, así como a manter unha boa convivencia no centro entre tódolos sectores educativos. Esta PXA será avaliada unha vez por trimestre e recollerase por escrito, ao final do curso, unha reflexión formando parte, deste xeito, da memoria anual final.

Panxón, 19 de outubro de 2020.